



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE EDUCACIÓN
ESPECIAL TERRA DE FERROL

CEE Terra de Ferrol
Rúa Irmandade de doadores de sangue de Ferrolterra s/n
15405 Ferrol
Tfno: 881930187/Fax: 881930203
cee.terra.ferrol@edu.xunta.gal

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO ESCOLAR 2023/2024

CEE TERRA DE FERROL

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. DESCRIPCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4. ESTRUCTURACIÓN PEDAGÓXICA E CURRICULAR

4.1. ALUMNADO E OFERTA EDUCATIVA

4.2. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

5. ESTRUCTURACIÓN ORGÁNICA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

5.3. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

6.1. HORARIO DO CENTRO

6.2. HORARIO DE GARDAS

6.3. ENTRADAS, SAÍDAS E QUENDAS DE VIXILANCIA DE RECREOS

7. ESPAZOS E SERVIZOS

7.1. PRESENTACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS E SERVIZOS

7.2. INTERNADO

7.3. COMEDOR E TRANSPORTE

8. PERSOAL NON DOCENTE

9. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

10. ASPECTOS CURRICULARES

10.1. PROGRAMACIÓNS - A.C.

10.2. METODOLOXÍA

10.3. MATERIAIS E RECURSOS CURRICULARES EMPREGADOS NO CENTRO

11. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

11.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

11.2. PLAN DE CONVIVENCIA

11.2.1. PLAN DE TRABAILLO



11.3. PLAN DE IGUALDADE

11.4. PLAN DIRECTOR

11.5. PLAN DIXITAL

11.6. PLAN ANUAL DE LECTURA

11.7. EDLG

12. FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

14. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

16. PLANS DE MELLORA

16.1 PLAN DE MELLORA DOS ASPECTOS PEDAGÓXICOS

17. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS
FAMILIAS

18. TAREFAS EXTRAESCOLARES

19. RENDICIÓN DE CONTAS

20. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

21. LEXISLACIÓN



1. INTRODUCCIÓN

O CEE Terra de Ferrol, é un centro específico que parte dos principios de inclusión, integración e normalización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O carácter inclusivo, nado dos principios legislativos, indica que todo o alumnado poida integrarse nun centro ordinario, sen embargo a realidade de moitos dos nenos/as, amosa que non sempre é posible ou aconsellable, debido a que as súas necesidades educativas especiais precisan duns recursos e servizos que van máis aló da resposta educativa ordinaria. A sociedade en xeral e as familias, teñen o dereito e a obriga de coñecer a existencia e funcionamento doutros recursos e posibilidades educativas, como unha parte máis e non diferenciada do sistema educativo. Os centros específicos de educación especial son os grandes descoñecidos do sistema educativo, cunha negativa visualización social, que os converte nunha especie de “guetos” para alumnado con deficiencias moi graves. Entendemos que os centros e a Administración educativa, deben impulsar e dar a coñecer á comunidade educativa e ao resto da sociedade a realidade que se vive nos centros específicos de educación especial, os recursos, os servizos, a atención, así como os beneficios e inconvenientes que a escolarización nestes centros pode aportar ao alumnado. A realidade social actual, precisa dun impulso sobre os centros específicos, de natureza educativa complementaria, alternativa e inclusiva e con grandes posibilidades de resposta educativa.

2. DESCRICIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CEE Terra de Ferrol é un centro público da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de carácter autonómico. Está localizado en San Pedro de Leixa, na rúa Irmandade de Doadores de Sangue de Ferrolterra, s/n, en Ferrol (A Coruña), ao carón do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), do CIFP Leixa e do CAD Souto de Leixa.

É un centro de educación especial, onde se escolariza a alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria. Isto inclúe a alumnado con trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, da atención ou da aprendizaxe, con retraso madurativo, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións

persoais e de historia escolar. Tamén abarca ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), incluíndo a alumnado con discapacidade física, psíquica e sensorial, trastorno grave de conduta e trastorno grave da comunicación e da linguaxe. Deste modo, o obxectivo fundamental do centro é proporcionar unha atención personalizada que propicie unha educación integral en todos os ámbitos da vida.

Así mesmo, constituímos un centro con identidade propia, que aposta por un clima positivo de convivencia e marcado polas características da nosa comunidade educativa: a calidade humana, a ilusión, a motivación, a mediación, a implicación e dedicación, o carácter democrático, a comunicación, a natureza innovadora, o carácter dinamizador, o traballo en equipo e esforzo persoal, a responsabilidade e o seguimento e avaliación constante. Tamén é importante potenciar a natureza do noso centro como un centro de recursos alternativo ao sistema educativo, favorecedor da inclusión. Todas estas características favorecen a consecución de obxectivos propostos e a educación de calidade.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Potenciar un axeitado clima de convivencia, baseado no respecto dos dereitos humanos, nas normas básicas de convivencia, a empatía e no pluralismo democrático.
- Desenvolver hábitos de esforzo, responsabilidade, autonomía persoal e habilidades socioemocionais, potenciando a motivación, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención da violencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Educar en ámbitos de igualdade, respectando a diversidade (dereitos, xénero, identidade ou orientación sexual, discapacidade).
- Potenciar a competencia comunicativa das nosas linguas.
- Adquirir competencia comunicativa básica nunha lingua estranxeira.
- Desenvolver a competencia matemática, priorizando a resolución de problemas en situacións da vida cotiá.
- Coñecer aspectos fundamentais das ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía, historia e cultura.



- Desenvolver a competencia tecnolóxica.
- Potenciar as representacións e expresións artísticas, así como as propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, o deporte e alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Acadar a coordinación, comunicación e convivencia axeitada, para mellorar o funcionamento e organización do centro.
- Manter unha coordinación axeitada coas familias, titores/as legais e centros externos que participan na educación do alumnado.
- Potenciar a natureza do noso centro, como un centro de recursos.
- Favorecer dinámicas de coordinación e experiencias de intercambio e colaboración con outros centros.
- Respetar a lexislación vixente da que partimos do currículo ordinario, realizando as correspondentes adaptacións á nosa realidade.
- Realizar a valoración inicial e continua do noso alumnado e do conxunto do proceso de ensinanza - aprendizaxe.
- Actualizar o proxecto educativo.
- Rematar o plan de convivencia...
- Renovar a dotación dos recursos informáticos e tecnolóxicos necesarios.
- Priorizar unha metodoloxía baseada na aprendizaxe en acción, dinámica, funcional e competencial...
- Propiciar unha educación integral nos diferentes ámbitos da vida (persoal, familiar, social e laboral).
- Fomentar iniciativas que favorezan, na medida das súas posibilidades, a inclusión do alumnado no mundo laboral.

-Potenciar as habilidades socioemocionais, expresión de sentimentos, interacción e a regulación da propia conduta.

4. ESTRUCTURACIÓN PEDAGÓXICA E CURRICULAR

As Necesidades Específicas de Apoio Educativo, son consecuencia dun principio natural da realidade social: a diversidade. O CEE Terra de Ferrol, conta cun grupo de alumnado moi heteroxéneo, cunhas necesidades tan específicas coma diversas, con diferentes grados de afectación e unha gran variabilidade de realidades persoais. A resposta educativa ás necesidades dos nosos alumnos/as, caracterízase por unha gran amplitude, flexibilidade e individualidade.

Trátase dunha estruturación por niveis, establecida segundo un estudio e avaliación moi rigorosos, seguindo unha serie de criterios que obedecen a ítems relativos á idade, nivel de afectación, grado de autonomía, socialización e comunicación, así como ao nivel de competencia curricular. A proposta curricular para o noso alumnado, parte do currículo oficial e da concreción curricular do centro, caracterizándose por unha gran complexidade, adaptabilidade e individualidade. Partindo sempre da singularidade inherente á diversidade, os diferentes niveis demandan unha resposta curricular específica en determinadas áreas ou aprendizaxes.

En consecuencia, establecemos 3 niveis: Nivel I, Nivel II e Programas de Formación Profesional Básica, así como diferentes criterios para a agrupación do alumnado, sempre tendo en conta a flexibilidade ante posibles cambios segundo necesidades. Estes son os seguintes:

- Número de alumnos/as escolarizados.
- Niveis individuais.
- Distintas patoloxías.
- Idade cronolóxica.
- Número de profesorado.
- Espazos.
- Problemas de acceso - transporte adaptado.
- Asegurar a menor mobilidade e a maior estabilidade posible.

4.1. ALUMNADO E OFERTA EDUCATIVA

Na actualidade contamos con 63 alumnos/as, dos cales 41 son externos e 22 son internos. Ademais, con respecto á oferta educativa actual contamos con:

- **Educación Básica Obrigatoria (EBO):**
 - Nivel I: Afectación profunda e/ou plurideficientes.

Precisan dunha adaptación curricular que parte do currículo de referencia no que está matriculado/a, centrada prioritariamente nos ámbitos de: autonomía persoal, social, na comunicación e representación, saúde física e nas funcións biolóxicas básicas e estimulación integral. Este alumnado tamén acode a psicomotricidade, educación multisensorial e audición e linguaxe.

- Nivel II: Problemas graves de conduta e personalidade, TEA, deficiencia cognitiva, plurideficiencias con maior autonomía, desenvolvemento e socialización.

Precisan dunha adaptación curricular que parte do currículo de referencia no que está matriculado/a, centrada prioritariamente nos ámbitos de: autonomía, habilidades da vida diaria e socioemocionais, rutinas planificadas, intencionalidade comunicativa, clima emocional estable e positivo e programa de transición á vida adulta. Este alumnado tamén acode a educación física, audición e linguaxe, pre - taller de carpintería e pre - taller de xardinería.

- **Programas de Formación Profesional Básica (PFPB):**
 - Servizos de restauración.
 - Xardinaría e viveirismo.

Destinado ao alumnado que cumpra o requisito de idade (dos 15 aos 21 anos) e con capacidade para desenvolverse nos programas. Parten do currículo de formación profesional coas adaptacións correspondentes, contando con módulos comúns, módulos específicos e FCT. Estas adaptacións estarán centradas prioritariamente nos ámbitos de: desenvolvemento de habilidades socioemocionais, hábitos de rutina e organización no traballo e habilidades da vida diaria.



4.2. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

- **NIVEL I – CORREDOR B- DEREITA/ESQUERDA – 6 AULAS – 26 ALUMNOS/AS – 4 ESCOLARIZACIÓNS COMBINADAS**
 - Aula 1 – B1 Esquerda: 5 alumnos/as.
 - Aula 2 – B2 Esquerda: 5 alumnos/as.
 - Aula 3 – B3 Esquerda: 5 alumnos/as.
 - Aula 4 – B3 Dereita: 5 alumnos/as.
 - Aula 5 – B2 Dereita: 4 alumnos/as.
 - Aula 6 – B1 Dereita: 2 alumnos/as.

- **NIVEL II – CORREDOR D DEREITA / 1º ANDAR – 6 AULAS – 27 ALUMNOS/AS – 1 ESCOLARIZACIÓN COMBINADA**
 - Aula 7 – 1º Andar, 2º Esquerda: 8 alumnos/as.
 - Aula 8 – D1 Dereita: 4 alumnos/as.
 - Aula 9 – D2 Dereita: 4 alumnos/as.
 - Aula 10 – D3 Dereita: 4 alumnos/as.
 - Aula 11 – 1º Andar, 3º Esquerda: 3 alumnos/as.
 - Aula 12 – 1º Andar, 1º Esquerda: 4 alumnos/as.

- **PFPB – 1º ANDAR – 2 AULAS – 10 ALUMNOS/AS**
 - Servizos de restauración: 4 alumnos/as.
 - Xardinaría e viveirismo: 6 alumnos/as.

5. ESTRUTURACIÓN ORGÁNICA

A organización da resposta educativa ás necesidades dos nosos alumnos/as, implica unha parte de estruturación pedagóxica e curricular, xunto ás medidas organizativas, así como a disposición e coordinación dos diferentes recursos do centro.



5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

- **ÓRGANOS UNIPERSOAIS:**

EQUIPO DIRECTIVO:

- Director: José Carlos Pena Bellón.
- Xefa de estudos: Estrela Cerneira Montes.
- Secretaria: Paula García Encinas.

- **ÓRGANOS COLEXIADOS:**

CONSELLO ESCOLAR:

- Equipo directivo: José Carlos Pena Bellón (director), Estrela Cerneira Montes (xefa de estudos) e Paula García Encinas (secretaria).
- Representante municipal: Patricia María Cons Formoso.
- Representantes dos pais/nais: M^a del Mar Díaz Pita, Carolina González Meás (presidenta do ANPA), M^a Guadalupe López Ramos, M^a Esther Pardo Trigo e Verónica Pena Montero.
- Representantes do persoal non docente: Raquel Rodeiro Freijomil, Antonio Ruiz Saiz, M^a Begoña Sanjuan Morado e Alberto Varela Bermúdez.
- Representantes do persoal docente: Patricia Galdo Sanjurjo, Rocío López Villarimea e Raquel Miragaya Casas. Cómpre destacar que quedaron 2 mestres/as sen cubrir.

Dentro do Consello Escolar, destacamos:

COMISIÓN DE BIBLIOTECA:

- Director: José Carlos Pena Bellón.
- Representante do persoal docente: Rocío López Villarimea
- Xefa de estudos: Estrela Cerneira Montes.
- Representante dos pais/nais: Verónica Pena Montero.



- Representante do ANPA: Carolina González Meás.
- Represente municipal: Patricia María Cons Formoso.
- Secretaria: Patricia Galdo Sanjurjo.
- Coordinadora: Laura Antón Brañas.

XUNTA ECONÓMICA:

- Presidente: José Carlos Pena Bellón.
- Secretaria: Paula García Encinas.
- Representante do persoal docente: Estrela Cerneira Montes.
- Representante dos pais/nais: Verónica Pena Montero.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

- Presidente: José Carlos Pena Bellón.
- Xefa de estudos: Estrela Cerneira Montes.
- Coordinador representante do persoal docente: Rocío López Villarnea.
- Representante do persoal non docente: Antonio Ruiz Saiz.
- Representante dos pais/nais: Verónica Pena Montero.

CLAUSTRO:

Formado por 23 membros: 15 PT, 1 mestre de E.F. e Psicomotricidade (afín a PT), 4 AL, 2 profesoras de PFPB e 1 orientador.

- PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (15):
 1. Galdo Sanjurjo, Patricia
 2. López Villarnea, Rocío
 3. Marcos Barros, Valentín



4. Cerneira Montes, Estrela
5. Martínez Peteiro, Verónica
6. García Encinas, Paula
7. Tuset Suárez, Daniel
8. Velasco de Vena, Lorena
9. Valeiro López, Carolina
10. Antón Brañas, Laura
11. Castro Sánchez, Isabel
12. Castrillón Freijeiro, Verónica
13. López Rendal, Zoraida
14. Ocampo Beceiro, María Isabel
15. Pita Basoa, María Belén

- EDUCACIÓN FÍSICA E PSICOMOTRICIDADE (1, afín a PT):

1. Sánchez Díaz, Carlos Juan

- AUDICIÓN E LINGUAXE (4 AL):

1. García Tarín, María
2. Malvar Lema, Myriam
3. Blandino Bruzos, Julio
4. García Castro, Antía Sabela

- ORIENTACIÓN:

1. Pena Bellón, Jose Carlos



- PROGRAMAS FORMATIVOS (2):
 - CFPB Servizos de Restauración:

Miragaya Casas, Raquel

- CFPB Xardinaría e Viveirismo:

López Villarreal, Milagros de Jesús

- DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO:

15 PT, 1 mestre de E.F. e Psicomotricidade (afín a PT), 4 AL, 2 profesoras de PFPB, 1 orientador, 1 mestra de Relixión (compartida) e 2 adxuntos taller.

- NIVEL I:

1. López Villarmeas, Rocío
2. Marcos Barros, Valentín
3. Cerneira Montes, Estrela - Multisensorial
4. Martínez Peteiro, Verónica
5. Velasco de Vena, Lorena / López Bolón, Noelia
6. Castro Sánchez, Isabel
7. Castrillón Freijeiro, Verónica

- NIVEL II:

1. Galdo Sanjurjo, Patricia
2. García Encinas, Paula
3. Tuset Suárez, Daniel
4. López Rendal, Zoraida
5. Ocampo Beceiro, M^a Isabel



6. Pita Basoa, M^a Belén
 7. Sánchez Díaz, Carlos Juan – EF e Psicomotricidade
- PROGRAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:
 - MÓDULOS COMÚNS:
 1. Valeiro López, Carolina – módulo de Ciencias Aplicadas + substitución de cargo directivo (secretaria) + apoio Nivel II
 2. Antón Brañas, Laura - módulo de Comunicación e Sociedade + apoio Nivel I
 - MÓDULOS ESPECÍFICOS:
 1. Miragaya Casas, Raquel - PFPB Servizos de Restauración
 2. López Villarreal, Milagros de Jesús - PFPB Xardinaría e Viveirismo
 - RELIXIÓN:
 - Casares, Marta de la Hoz (mestra compartida-5 horas)
 - PROFESORADO ADXUNTOS DE TALLER:
 1. Roca José Antonio – Adxunto taller carpintaría
 2. Taboada García, M^a de la Luz – Adxunto taller xardinaría

5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:
 - Xefe do departamento: Pena Bellón, Jose Carlos
 - Director: Pena Bellón, Jose Carlos
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela
 - Coordinadora do Nivel I: Castro Sánchez, Isabel



- Coordinador do Nivel II: Tuset Suárez, Daniel
- Coordinadora PFPB: Miragaya Casas, Raquel
- Coordinadora AL: García Castro, Antía Sabela
- Representante do profesorado sen titoría: Sánchez Díaz, Carlos Juan

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:
 - Director: Pena Bellón, Jose Carlos
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela
 - Orientador: Pena Bellón, Jose Carlos
 - Coordinadora do Nivel I: Castro Sánchez, Isabel
 - Coordinador do Nivel II: Tuset Suárez, Daniel
 - Coordinadora PFPB: Miragaya Casas, Raquel
 - Coordinadora AL: García Castro, Antía Sabela
 - Coordinadora biblioteca: Antón Brañas, Laura

- EQUIPO DOCENTE NIVEL I:
 - Coordinadora: Castro Sánchez, Isabel
 - Titores Nivel I: López Villarnea, Rocío; Marcos Barros, Valentín; Velasco de Vena, Lorena/López Bolón, Noelia; Martínez Peteiro, Verónica; Castro Sánchez, Isabel; Castrillón Freijeiro, Verónica
 - Mestres AL Nivel I: García Tarín, María; Malvar Lema, Myriam
 - Multisensorial: Cerneira Montes, Estrela



- EQUIPO DOCENTE NIVEL II:
 - Coordinador: Tuset Suárez, Daniel
 - Tutores Nivel I: Galdo Sanjurjo, Patricia; García Encinas, Paula; Tuset Suárez, Daniel; Pita Basoa, M^a Belén; López Rendal, Zoraida; Ocampo Beceiro, M^a Isabel
 - Mestres AL Nivel II: Blandino Bruzos, Julio; García Castro, Antía Sabela
 - EF e psicomotricidade: Sánchez Díaz, Carlos Juan

- EQUIPO DOCENTE PFPB:
 - Coordinadora: Miragaya Casas, Raquel
 - Módulos específicos: Miragaya Casas, Raquel; López Villarreal, Milagros de Jesús
 - Módulos comúns: Valeiro López, Carolina; Antón Brañas, Laura

- EQUIPO BIBLIOTECA:
 - Coordinadora: Antón Brañas, Laura
 - Xefa de estudos: Estrela Cerneira Montes
 - Docentes: Martínez Peteiro, Verónica; Blandino Bruzos, Julio; García Castro, Antía Sabela; Velasco de Vena, Lorena / López Bolón, Noelia

- EQUIPO DE COORDINACIÓN DE FOMENTO DA LECTURA – PROXECTO LECTOR:
 - Coordinadora do Plan de Fomento da Lectura: Antón Brañas, Laura
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela
 - Coordinadores dos niveis: Castro Sánchez, Isabel; Tuset Suárez, Daniel; Miragaya Casas, Raquel
 - Responsable de medios informáticos: López Rendal, Zoraida



- Responsable de formación do profesorado: Miragaya Casas, Raquel

- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:
 - Coordinadora: Castrillón Freijeiro, Verónica
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela
 - Docentes: Galdo Sanjurjo, Patricia; Cerneira Montes, Estrela; Valeiro López, Carolina

- EQUIPO TIC:
 - Coordinadora: López Rendal, Zoraida
 - Docentes: García Encinas, Paula; Tuset Suárez, Daniel; Ocampo Beceiro, M^a Isabel; Miragaya Casas, Raquel

- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:
 - Coordinadora: López Villarmeia, Rocío
 - Director: Pena Bellón, José Carlos
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela
 - Coordinadores dos niveis: Castro Sánchez, Isabel; Tuset Suárez, Daniel; Miragaya Casas, Raquel
 - Docentes: García Tarín, María; Malvar Lema, Myriam; Castro Sánchez, Isabel; Sánchez Díaz, Carlos

- EQUIPO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO:
 - Coordinadora: Miragaya Casas, Raquel
 - Director: Pena Bellón, José Carlos
 - Xefa de estudos: Cerneira Montes, Estrela



- Docentes: García Encinas, Paula; Marcos Barros, Valentín; Pena Bellón, José Carlos

▪ COMISIÓN INTERDISCIPLINAR:

- Equipo directivo: Pena Bellón, José Carlos; Cerneira Montes, Estrela; García Encinas, Paula

- Orientador: Pena Bellón, José Carlos

- Educador internado: Varela Bermúdez, Alberto

- Psicóloga: Julia Conde Gándaras

- Enfermeira: Rodeiro Freijomil, Raquel

- Fisioterapeuta: Pérez Pérez, Beatriz

▪ COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA

José Carlos Pena Bellón

▪ COMISIÓN DE EVACUACIÓN: Director, xefa de estudos, secretario, coordinador de internado, gobernanzas (servizo doméstico e de cociña) e xefe de mantemento.

As actuacións a levar a cabo quedan reflectidas no Plan Anual de Evacuación e Autoprotección, elaborado por técnicos de prevención de riscos laborais, unha vez feita a avaliación dos riscos deste centro.

5.3. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
**CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E COORDINACIÓN
PEDAGÓXICA**

| SETEMBRO | | OUTUBRO | | NOVEMBRO | | DECEMBRO | |
|----------------|--|----------------|--|----------------|--|-----------|--|
| 11 | 4 - 6 Reunión Xeral 6 - 7 AVALIACIÓN INICIAL | 2 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 6 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 4 | 4- 7 AVALIACIÓN |
| 1 8 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 9 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 - 6 Coordinacións | 13 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 - Coordinacións | 11 | 4- 7 AVALIACIÓN |
| 2 5 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 1 6 | 4 - 5 Claustro 5 - 6 Coordinacións | 2 0 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 18 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis |
| | | 2 3 | 4 -5 CLAUSTRO 5 -6 CONSELLO ESCOLAR | 27 | 4 -7 Reunión xeral | | |
| | | 3 0 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | | | | |



| XANEIRO | | FEBREIRO | | MARZO | | ABRIL | |
|----------------------|--|----------------------|--|----------------------|--|--------------|--|
| 1 5 | 4 - 6 Reunión Xeral 6 - 7 Coordinacións | 5 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 4 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 1 | 4- 7 AVALIACIÓN |
| 2 2 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 1 2 | ENTROIDO | 11 | AVALIACIÓN | 8 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis |
| 2 9 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 1 9 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 1 8 | AVALIACIÓN | 15 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis |
| | | 2 6 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 2 5 | SEMANA SANTA | 22 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións |
| | | | | | | 29 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis |



| MAIO | | XUÑO | |
|-------------|--|-------------|---|
| 6 | 4 - 6 Reunión Xeral 6 - 7 AVALIACIÓN CFPB | 3 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 - 6 Reunión Niveis |
| 13 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | 10 | AVALIACIÓN |
| 20 | 4 - 5 Reunión Xeral/Reunión familias 5 - 6 Coordinacións | 17 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis |
| 27 | 4 - 5 Reunión Xeral 5 -6 Reunión Niveis | | |

6. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

6.1. HORARIO DO CENTRO

O horario xeral do centro abarca dende as 9:00 da mañá ata as 16:00 da tarde.

O horario docente comeza as 9:10, coas gardas de transporte para o profesorado asignado segundo as quendas, debendo estar o resto nas aulas respectivas 5 minutos antes da chegada do alumnado. Á hora de saída das aulas será as 14:30, desprazándose o alumnado ata os corredores designados para tal efecto, antes de acudir ao comedor ou a sala de día, segundo corresponda.

6.2. HORARIO DE GARDAS

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---------------------|--|--|--|--|--|
| 9.30 - 10.30 | LAURA MYRIAM VALENTÍN | CAROLINA LAURA MARÍA G. | MARÍA G. MILA RAQUEL | CARLOS (EF) | LORENA LAURA |
| 10.30 - 11.30 | ANTIA | VALENTÍN | ANTÍA CAROLINA | VERÓNICA M. | ZORAIDA |
| 11.30 - 12.15 | BELI | PATRICIA | JULIO | BELI | BELÉN P. |
| 12.15 - 13.00 | NOELIA | ISABEL | VERONICA M. | ROCÍO CAROLINA | VERÓNICA C. |
| 13.00 - 13.45 | ROCÍO VALENTÍN NOELIA ISABEL VERÓNICA M. | ROCÍO VALENTÍN NOELIA ISABEL VERÓNICA M. | ROCÍO VALENTÍN NOELIA ISABEL VERÓNICA M. | ROCÍO VALENTÍN NOELIA ISABEL VERÓNICA M. | ROCÍO VALENTÍN NOELIA ISABEL VERÓNICA M. |



| | | | | | |
|---------------------|-------|---------------|----------|----------|--------|
| 13.30 - 14.30 | PAULA | MILA JULIO | BELÉN P. | PATRICIA | DANIEL |
|---------------------|-------|---------------|----------|----------|--------|

6.3. ENTRADAS, SAÍDAS E QUENDAS DE VIXILANCIA DE RECREOS

A partir das 9:10 da mañá o alumando baixará en orde dos respectivos medios de transporte e entrará ao centro a través das dúas entradas existentes: porta principal e porta do internado. Alí será recibido polo persoal coidador que o acompañará ao corredor pertinente ata á hora de entrada, deixándoo acompañado polo mestre de garda segundo a quenda e por outro coidador.

Os corredores destinados as entradas serán:

- Corredor B DEREITA para o alumnado do Nivel I
- Corredor C ESQUERDA para o alumando do Nivel II
- Aulas das FPB para o alumnado matriculado nestas ensinanzas.

O alumnado interno irase incorporando aos corredores correspondentes acompañados do educador e así mesmo o fará o persoal coidador cando remate as súas tarefas no internado.

As 9:30 o alumando desprazarse as súas aulas acompañados polo persoal coidador asignado nas súas respectivas quendas. Estes traslados, ao igual que as saídas para o patio, comedor ou a outra dependencia do centro, realizaranse en silencio e sen correr polos corredores, seguindo en todo momento as ordes do persoal laboral ou docente.

Se as familias acoden ao centro para buscar ao alumnado en horario escolar, asinarán unha autorización sinalando a hora de saída e a de entrada, se é o caso. O mesmo se fará en horario de residencia internado, sendo o persoal educador o encargado de que se faga isto correctamente. Tamén se poderá autorizar a recollida por terceiras persoas, mediante un aviso previo e sempre e cando presenten o seu DNI.

Especial relevancia ten a entrega de menores en casos de divorcio das persoas proxenitoras, neste caso entregarase no centro o convenio regulador no que quede constancia da garda tutela e patria potestade. En todo caso comprométense a

actualizar dita documentación en caso de cambios e a certificar que dito convenio é polo que se rexen nese momento.

As saídas realizaranse as 14:30 en orde e en silencio, sendo o alumnado acompañado polos docentes e persoal coidador correspondente ata as estancias indicadas: corredor C Esquerda ou sala de día. O alumnado que non come no comedor será acompañado á saída polo persoal coidador ou mestre.

Recreos e quendas de vixilancia

Contamos no centro con dúas quendas de recreo:

1ª quenda: De 11.30 a 12.00, no que saíra cara as zonas correspondentes o alumnado do Nivel I e o das FBP.

2ª quenda: de 12.15 a 12.45, no que saíra cara as zonas correspondentes o alumnado do Nivel II.

Como norma xeral nos tempos destinados aos recreos sairase ao patio ou a sala de día. No caso de que as condicións metereolóxicas sexan adversas, quedarase na sala de día, patio cuberto ou sala de xuntas, establecendo na PXA os espazos e a distribución do profesorado de garda.

No patio e nos recreos cumpriranse as seguintes normas:

- Será o profesorado que teña clase na sesión antes do recreo o que acompañará ao alumnado ata o corredor correspondente e esperará a que se incorpore ao seu posto o profesorado de garda.
- Polos corredores e escaleiras non se poderá correr, berrar ou xogar. Non se usará o ascensor salvo por persoas que o precisen.
- No patio coidaranse as instalacións e non se tirará lixo, usando as papeleiras.
- Os xogos, tobogán e pelotas serán usados con prudencia e seguindo as recomendacións do profesorado de garda e persoal coidador. Está prohibido colgarse dos xogos ou material deportivo.
- Como norma xeral o alumnado non poderá andar entrando e saíndo das zonas de recreo e procurará usar a sala de día, o patio ou sala de xuntas. En todo caso a sala de días estará destinada ao alumnado con certas dificultades ou que se atope algo



enfermo. Tampouco se poderá acceder ás aulas ou residencia internado, salvo acompañamento de profesorado ou persoal coidador.

- O alumnado non poderá desprazarse por detrás do centro e por lugares que escapen ao control do persoal de garda.
- Procurarase unha atenta vixilancia, para previr situacións contrarias á convivencia. É obriga do persoal de garda, repartirse os distintos espazos.
- En caso de accidentes o alumnado será atendido por o profesorado de garda, o persoal coidador e persoal de enfermería e comunicado ás persoas titoras, que o poñerán en coñecemento familias. De toda atención neste senso realizarase o correspondente parte de incidencias para o centro e outro para as familias.
- O profesorado de garda será o establecido na normativa vixente e a comezo de curso organizaranse as quendas de garda de recreo e as distintas zonas que constarán na PXA. Tamén realizarán gardas de patio o persoal coidador que colaborará co profesorado para o cumprimento destas normas.
- Procurarase puntualidade ao persoal de garda nas saídas nos tempos de recreo, para que o alumnado estea sempre supervisado. No caso de ausencia de algún persoal de garda, este será substituído por outro, seguindo un listado que se establece ao comezo de curso.

7. ESPAZOS E SERVIZOS

7.1. PRESENTACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS E SERVIZOS

- Espazo de atención ás familias
- Sala de reunións da ANPA
- Área socio - sanitaria con sala de consulta e sala de atención ao alumnado.
- Internado con espazo para 22 alumnos e alumnas.
- Comedor.
- Cociña.
- Despacho do Gobernante de Cociña.



- Almacén de limpeza.
- Sal de descanso do persoal de limpeza.
- Administración e Secretaría.
- Servizo doméstico.
- Despacho do Gobernante de Limpeza.
- Servizo de mantemento con edificación para gardar material en espazo diferenciado.
- Sala de Xuntas.
- Museo.
- Aula multisensorial.
- Aula de E.F. e Psicomotricidade.
- Aula de Recursos.
- Aula de valores.
- Aula de Supermercado.
- Aula de informática.
- Aula de material.
- Biblioteca.
- Aulas de P.T.
- Aulas de A.L.
- Aulas nas que se imparten os módulos comúns dos CFPB.
- Aula de Restauración e Cociña do CFPB
- Aula do CFPB de Xardinaría e viveirismo en edificación exterior.
- Invernadoiro.
- Despacho do D.O.
- Despacho de Dirección, secretaría e xefatura de estudos.



- Despacho da Psicóloga do centro.
- Despacho de psiquiatría (vacante).
- Despacho Traballo social (vacante).
- Sala de día.
- Sala de mestres.
- Sala de descanso persoal e laboral.
- Conserxería (Entrada principal e entrada Internado).
- Taller de Carpintería.
- Taller de Xardinaría.
- Patios (interior e exterior)

7.2. INTERNADO

O internado do CEE Terra de Ferrol é un espazo dentro do propio colexio que ofrece ao alumnado interno un servizo de aloxamento comfortable, un lugar para convivir e proxectar actividades educativas, formativas, de lecer e socioculturais.

O internado está atendido permanentemente por educadores/as, coidadores/as, persoal de enfermería, persoal de cociña e limpeza, así coma dun garda de seguridade.

O obxectivo do internado é dotar ao alumnado dun espazo de convivencia onde ademais das tarefas relacionadas coas actividades da vida diaria e de actividades instrumentais, promovendo ao mesmo tempo actividades e tarefas máis relacionadas co lecer.

Hai que ter en conta que a convivencia co resto de alumnado interno é un medio extraordinario para aprender a respectar aos demais, a saber comprender e axudar. No internado foméntase a amizade e a confianza mutua. Non faltan momentos de diversión, de deporte e descanso. Ademais, as festas e celebracións ao longo do curso académico contribúen a dar ao internado un vivo espírito de familia.

A variedade de espazos, servizos, instalacións, require inculcar unha serie de valores e normas que propicien o respecto para o bo funcionamento do internado.

O internado dispón dun coordinador, que recae na figura dun educador/a, que funcionalmente realizará as competencias propias da coordinación, así como aquelas que lle sexan delegadas por parte da dirección. Entre as súas tarefas destacamos:



- Distribución de coidadores/as no internado.
- Control de horarios.
- Distribución de alumnado nas habitacións.
- Distribución de veladores.
- Cumprimento das funcións do persoal de internado.
- Coordinación cos departamentos do centro, formando parte da comisión interdisciplinar.

O internado ten capacidade para 22 alumnos/as este curso escolar e permanecen en réxime de internado 22 estudantes (17 alumnos e 5 alumnas), distribuídos en habitacións individuais, dobres ou triplos segundo características e necesidades.

Como persoal directo conta con:

- 4 educadores, 3 en quenda de tarde e 1 en quenda de mañá.
- 11 coidadores/as en quenda de mañá e 6 coidadores/as en quenda de tarde.
- 6 coidadores nocturnos.
- Servizo de limpeza e roupeiro.
- Servizo de cociña.
- Servizo de enfermaría.
- Vixiante nocturno.
- Vixiante de seguridade ata as 20:30h (non pertence ao persoal do centro).

É fundamental partir da coordinación coas familias e titores/as, sen esquecer a coordinación interdisciplinar da que partimos. As obrigacións do persoal son:

- Desempeñar as súas funcións con dilixencia, autonomía e colaborar co proceso educacional do internado.
- Respetar os horarios de entrada e saída do internado.
- Velar polo mantemento da infraestrutura do establecemento.



- Adoptar todas as medidas que aseguren a axeitada saúde física, psicolóxica, emocional e social dos menores, así como aplicar as medidas pedagóxicas adecuadas na súa relación con eles.
- Respetar e cumprir as normas de prevención, hixiene e seguridade dos alumnos/as.
- Todas aquelas funcións que lle atribúa o coordinador, dentro das súas funcións.

- **HORARIOS DE FUNCIONAMENTO DO INTERNADO:**

De luns a venres:

- 08:00h: Ducha e orde de dormitorios.
- 09:00h: Almorzo e cepillado de dentes.
- 09:30h: Entrada a clases (acompañados de educador e coidadores).
- 09:30h a 14:30h: Xornada lectiva.
- 14:30h: Xantar no comedor.
- 15:30h: Patio.
- 16:00h: Regreso ao internado e cepillado de dentes.
- 16:00h a 19:45h: Actividades do internado (lecer e tempo libre e apoio escolar).
- 20:00h: Cea.
- 21:00h: Hábitos de hixiene.
- 21:30h: Hora de durmir.
- 22:00h a 08:00h: Persoal velador, coas funcións propias do seu posto de traballo.

- **OBXECTIVOS XERAIS DO INTERNADO:**

Como lugar de convivencia o internado propónse unha serie de obxectivos xerais que son:

- Potenciar o desenvolvemento persoal dos/as internos/as a través das relacións en grupo.
- Mellorar a relación entre todas as persoas que integran o internado, creando un clima de aprecio e confianza mutuos.



- Traballar a cooperación, establecendo relacións positivas e de axuda mutua.
- Regular e controlar progresivamente o propio comportamento para desenvolver hábitos e actitudes de axuda, colaboración e cooperación.
- Progresar na adaptación de comportamentos e actitudes (aceptación, colaboración e adquisición) relacionados co coidado e hixiene do propio corpo, das súas pertenzas, e habilidades necesarias para ser o máis autónomos posibles.
- Xerar espazos de aprendizaxe e de lecer compartido.
- Traballar actitudes e comportamentos disruptivos orientándoos cara a actividades positivas e prosociais.
- Descubrir e utilizar as súas propias posibilidades motrices, sensitivas, expresivas adecuadas ás diversas actividades da vida cotiá.
- Coñecer as normas e modos de comportamento positivo da contorna que lles rodea para establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación interpersoal.
- Centrar a atención a través de habilidades instrumentais necesarias para desenvolverse no medio social.

- **ACTIVIDADES DO INTERNADO:**

- **A- ACTIVIDADES DE LECER:**

- ***Actividades lúdicas e xogos predeportivos.***

Dentro do centro realízanse actividades deportivas como fútbol, baloncesto, xogos no exterior, uso das bicicletas e patinetes. Os obxectivos das actividades e xogos son:

- Realizar a actividade física respectando as regras dos xogos predeportivos.
- Desenvolver capacidades de cooperación e superación persoal.
- Respetar aos compañeiros/as.
- Utilizar os xogos como medio de socialización.
- Comezar en actividades de iniciación predeportiva a través dos xogos.

- Coñecer e fomentar o respecto pola regulamentación dos xogos.
- Recoñecer como elemento do xogo gañar ou perder.
- Favorecer a psicomotricidade e o movemento coordinado a través das actividades lúdicas.

No exterior do centro, na contorna máis próxima, realizaranse ao longo do curso actividades de coñecemento do medio (paseos, camiñadas, excursións) organizadas polos educadores/as e coidadores/as así como a participación en actividades organizadas nos locais sociais da contorna (A Solaina - tenis de mesa).

O alumnado interno participará nas actividades extraescolares coma no curso pasado. Estas actividades contan cun monitor de tempo de lecer que leva a cabo actividades lúdico deportivas dúas veces á semana no centro.

O número de alumnos/as para a actividade dependerá sempre das características dos mesmos e da actividade.

Os recursos necesarios son:

Humanos:

- Monitor de tempo de lecer.
- Coidador.
- Educador.
- Apoio do garda de seguridade cando se requira.

Materiais:

-Todos os relacionados coa actividade que se propoña e que poden ser facilitados polo centro ou polo monitor.

- ***Informática.***

Algúns dos seus obxectivos son:

- Familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías.
- Fomentar un uso positivo e didáctico a través de internet e as redes sociais.
- Favorecer aprendizaxes a través do uso das novas tecnoloxías.
- Aprender novas habilidades relacionadas co uso do computador.

Realízase polas tardes na aula de informática do colexio e na sala de informática do internado. O número de alumnos/as para a actividade será de dous para a sala de



informática do internado e de catro ou seis alumnos, dependendo sempre das características dos mesmos e dos computadores da sala de informática.

Os recursos necesarios son:

Humanos:

- Coidador.
- Educador.
- Apoio do garda de seguridade cando se requira.

Materiais:

-Todos os relacionados co computador.

- ***Manualidades.***

As manualidades implican unha contorna para explorar, descubrir, coñecer e aprender, compartir e expresar sentimentos e habilidades. A manipulación de obxectos e materiais plásticos permiten aos nenos/as coñecer a súa utilidade, as súas calidades, as texturas, as formas, as cores, as temperaturas.

Entre os obxectivos para traballar destacan:

- Desenvolver a motricidade fina e grosa, así como habilidades manipulativas ao contacto con diversos materiais.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade para potenciar a autoexpresión.
- Favorecer a participación activa e as actividades en grupo a través de traballos de cooperación e interacción social.
- Estimular a expresividade e espontaneidade dos nenos/as a través da creatividade artística.
- Asignación de roles adecuados segundo as posibilidades de cada neno/a nun clima de seguridade e confianza.
- Fomentar a autonomía e habilidades para participar adecuadamente na actividade.
- Crear un ambiente ameno e próximo aos intereses creativos dos nenos/as.
- Crear unha contorna de distensión e lecer compartido.
- Desenvolver a comunicación verbal e non verbal.

Os recursos necesarios son:

Humanos:

- Educador.
- Coidador.
- Apoio do garda de seguridade cando se requira.

Materiais:

- Todos os relacionados coas manualidades.

A actividade de manualidades realízase na nova aula de educadores do colexio todos os días e é realizada polo/a educador/a en pequenos grupos de tres ou cinco alumnos/as. Durante o primeiro trimestre levaranse a cabo tarefas de adecuación do novo espazo que nos foi cedido este curso para a creación dunha aula para a realización de actividades no horario de internado. Intentarase que sexa un espazo de lecer onde realizar manualidades e xogos en pequeno grupo ou outras actividades que complementen o resto de actividades do tempo de lecer dos alumnos/as do internado.

- ***Cinema.***

Obxectivos:

- Coñecer e valorar o potencial artístico e cultural do medio cinematográfico.
- Reflexionar sobre a película visionada.
- Realizar conclusións adecuadas sobre os contidos básicos.

Para as proxeccións das películas contarase cos gustos dos alumnos/as e coas súas achegas. Está actividade terá lugar na biblioteca do centro ou na sala de xuntas empregando o proxector.

Pasos a seguir:

- Selección da película: é importante prever o tempo de execución.
- Presentación e introdución da película: breve descrición do argumento.
- Proxección da película.
- Rexistro da participación e listaxe das películas visionadas e das que lles gustaría ver.



Durante este curso intentarase facer algunha saída ao cine para o visionado de películas de actualidade. Serán saídas en pequenos grupos acompañados dun coidador/a e dun educador/a.

- ***Play Station, televisión e xogos educativos.***

No internado, os alumnos/as poden facer uso de tres salas que contan con televisión e xogos educativos para que sexan empregados no tempo de lecer. Unha sala conta cunha play- station onde por quendas organizadas polo educador/a poden facer uso da mesma.

B-ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS AVD E AUTONOMÍA PERSOAL:

- ***Orde e limpeza de cuartos.***

Os educadores/as revisarán cada un dos cuartos para valorar os aspectos de orde e limpeza individuais que hai que mellorar. Revisarán os aspectos de orde en canto aos armarios, a cama, os útiles de aseo, a colocación do calzado. Deben aproveitar estes instantes para revisar a roupa: se está etiquetada, se está sucia, se teñen necesidades de roupa de abrigo,... Nese momento tamén se inspeccionarán as pertenzas dos alumnos/as por se teñen algún obxecto non permitido perigoso para a convivencia. É necesario ademais, non só revisar senón ensinar e responsabilizar aos alumnos/as, na medida das súas posibilidades, a ter ordenado e en perfecta orde o seu cuarto e pertenzas.

- ***Hábitos de alimentación.***

A alimentación é o proceso polo cal se lle proporciona ao organismo aquelas materias primas ou alimentos que lle son imprescindibles para o mantemento da vida. Na infancia e adolescencia o crecemento e o desenvolvemento físico, intelectual, social e afectivo van depender dunha correcta alimentación e nutrición. Por iso é importante adquirir bos hábitos de alimentación e favorecer os procesos adecuados en relación a unha correcta nutrición, para unha maior autonomía persoal, educando en comportamentos correctos durante as comidas. Nos momentos das comidas o educador/a debe inculcar os seguintes contidos ao alumno/a:

- Necesidades básicas de alimentación adecuadas á súa idade.
- Inxesta diaria recomendada.



- Correcta utilización dos utensilios.
- Postura adecuada e recomendada.
- Normas específicas de comedor.
- Relación cos compañeiros/as e o persoal e respecto pola comida.

Nesta liña de traballo realizarase a actividade de cociña cos alumnos/as na que, ademais da alimentación saudable, traballarase hábitos e habilidades que lle poidan servir ó alumno/a na consecución da autonomía.

Trátase dunha actividade dirixida polos educadores/as e coidadores/as na que participa un pequeno grupo non superior a 5 rapaces/as na que elaboran pratos sinxelos empregando a aula de restauración.

- ***Hixiene persoal.***

A aprendizaxe de hábitos de hixiene persoal é un obxectivo imprescindible a traballar dentro do internado, non só pola autonomía persoal e social que implica a adquisición de pautas saudables e hixiénicos senón tamén polo establecemento dunha convivencia correcta e respectuosa. Desta forma e dentro das posibilidades de cada alumno traballáranse aspectos como:

- Hixiene de mans e cara.
- Lavado de dentes.
- Ducha.
- Aseo íntimo.
- Peiteado e afeitado.
- Uso de roupa correcta e hixiénica.
- Eliminación de comportamentos pouco hixiénicos ou pouco respectuosos coa contorna do grupo e social.



7.3. COMEDOR E TRANSPORTE

A - Servizo de comedor

O CEE Terra de Ferrol escolariza alumnado de entre 3 a 21 anos con necesidades educativas especiais. Conta con comedor de xestión directa para 76 usuarios.

A alimentación do noso alumnado, convértese nunha aprendizaxe significativa e funcional, representando unha competencia que os acompañará ao longo de toda a vida. A labor educativa dos hábitos alimentarios é fundamental para asentir unhas bases axeitadas dende idades temperás.

O comedor funcionará todos os días lectivos atendendo ao calendario escolar. Estará supervisado polo director e pola encargada do comedor; e contará cos colaboradores necesarios.

Contemplase un xantar lectivo que facilite a correcta atención ao alumnado do centro posto que o xantar é un dos momentos de maior risco (vómitos, atragoamentos, aspiracións,... que poden ter consecuencias fatais), polo tanto dedicárase o tempo necesario, xa que cada usuario ten un ritmo diferente que hai que respectar.. Dito xantar conta coas pertinentes autorizacións das familias.

Consideramos fundamental a proposta e desenvolvemento de xantar lectivo, coma un aprendizaxe dentro da xornada lectiva xa que se trata dun aprendizaxe competencial; e a través do mesmo o alumnado beneficiase dunha maior tempo de atención individualizada que lle axudará a mellorar os seus hábitos de: alimentación, aseo e hixiene.

Comunicacións:

Entregarase copia do menú correspondente a cada familia do alumnado - usuario do comedor e dispoñeráse dun taboleiro de anuncios

Características do comedor

✓ O comedor escolar é un servizo complementario e voluntario, de carácter educativo, que tamén desenvolve unha destacada función social e é un dos elementos que contribúe á equidade e a igualdade de oportunidades.

✓ A consellería de educación, facilita os recursos económicos e humanos necesarios para o seu funcionamento.

- ✓ O colexio dispón dunha cociña con equipamento completo, ofrecendo almorzo, xantar, aperitivos de mañá e tarde, así coma a cea.
- ✓ O servizo de comedor é **gratuito** para todo o alumnado e para os profesionais que realizan función de atención ao alumnado.
- ✓ O servizo de comedor **abarca todo o curso**, segundo calendario escolar.

Comisión do Servizo de comedor escolar

- 1.-Gobernante.
2. Encargado/a do comedor (SUPERVISIÓN).
- 3.-Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do Servizo de comedor:
Colaboradores/as, e os coidadores/as correspondentes en cada quenda.
- 4.-Persoal do Servizo de enfermería e educadores.
- 5.-Persoal de cociña.

A coordinación levará a cabo reunións trimestrais para avaliar o funcionamento e organización.

Horarios no servizo do comedor.

1ª QUENDA de 13:00 A 13:45

2ª QUENDA de 14:30 A 15:30

Criterios básicos na elaboración dos menús

- Saudable e equilibrados, adecuados ás características do alumnado e as súas circunstancias particulares.
- Incorporando as cantidades apropiadas de xeito equilibrado cunha combinación axeitada e variada de alimentos para satisfacer as necesidades nutricionais.
- Sempre que sexa posible, deben mercarse alimentos frescos, estacionais e pouco manipulados.
- Os menús deberan ser adecuados á época do ano e incluírán alimentos de todos os grupos e nas proporcións adecuadas.



Variables posibles – Dieta branda, sobrepeso, alerxias, intolerancias,... deberán comunicarse á encargada do comedor, ao gobernante de cociña, aos coidadores, colaboradores e todos aqueles que teñan implicación directa na atención a dito alumnado, por medio do Servizo de enfermería ou familiares que achegarán certificado médico.

B - Servizo de transporte

O centro conta coas rutas de transporte escolar correspondente, contando para elo cos seguintes servizos:

- Transporte adaptado ASCM
- Alsa
- Furgonetas Alsa
- Alsa/Varela.
- Alsa Integrado

O alumnado pode variar en número ao longo do curso, en función do aumento ou diminución da demanda por novas incorporacións ou baixas e/ou por posibles cambios de domicilio.

8. PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente do CEE Terra de Ferrol é de 68 traballadores e traballadoras e 4 persoal funcionario que realiza funcións profesionais segundo a categoría correspondente, dentro da súa xornada (37,5 horas semanais).

PERSOAL FUNCIONARIO: 2 Conserxes, 1 Xefe Administrativo, 1 Auxiliar Administrativo.

PERSOAL ATENCIÓN DIRECTA: 2 Adxuntos Taller, 4 Educadores, 23 Coidadores (17 diúrnos e 6 nocturnos).

PERSOAL SOCIO-SANITARIO: 1 Psicóloga, 2 Enfermería, 1 Auxiliar enfermería, 2 Fisioterapeutas.

PERSOAL MANTEMENTO: 1 Oficial mantemento.

PERSOAL COCIÑA: 1 Gobernante, 2 Cociñeiros/as, 5 axudantes cociña.



PERSOAL DOMÉSTICO: 1 Gobernante, 7 limpeza, 1 camareira limpadora, 1 lavandería planchado, 1 costureira.

PERSOAL SEGURIDADE: 1 Garda Seguridade Diúrno (Empresa de vixilancia)1 Vixiante Nocturno (Subalterno)

9. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

O alumnado do noso presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, asociadas a NEE: discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, trastorno xeneralizado do desenvolvemento e trastornos graves de conduta. Neste curso, contamos cun total de 63 alumnos/as, distribuídos en 3 grupos - niveis. Dos cales, 22 alumnos/as están escolarizados en réxime de internado e 5 alumnos/as en modalidade combinada.

A oferta educativa neste curso estrutúrase en 3 niveis:

- NIVEL I: cunha resposta pedagóxica centrada nas concrecións curriculares da etapa e nivel correspondente, ademais das unidades de psicomotricidade e multisensorial.
- NIVEL II: centrado nas concrecións curriculares do nivel e etapa correspondente, educación física e os pre - talleres de carpintería e xardinaría, sen esquecer a T.V.A., centrada nas habilidades da vida diaria.
- PROGRAMAS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO DE RESTAURACIÓN E XARDINARÍA: co currículo propio do 1º curso da Formación Profesional Básica, así como a F.C.T, e as prácticas no propio centro dos correspondentes programas formativos.

Destacar a importancia de potenciar a natureza do noso centro, como centro de recursos para favorecer a inclusión e a resposta educativa aos centros da contorna.

En canto a concreción do currículo para o curso 23/24, figuran as adaptacións curriculares de forma que favorezan o logro dos obxectivos educativos propostos e faciliten o desenvolvemento das competencias claves establecidas. Cada mestre ou mestra, en coordinación co equipo docente do nivel, realizará, no caso de que o Servizo de inspección educativa así o solicite, as programacións de aula, mediante o deseño e implementación de actividades e tarefas propias, así como as adaptacións curriculares individualizadas que sexan precisas.



10. ASPECTOS CURRICULARES

10.1. PROGRAMACIÓNS-ADAPTACIÓNS CURRICULARES

O profesorado do centro, elaborará a A.C. Axustada ao contemplado na Orde do 8 de setembro de 2021, que permita dar resposta ás características individuais e conxuntas do alumnado.

Desenvolverase ao longo de 1 ou 2 cursos escolares, previa aprobación do Servizo de Inspección educativa.

Cun claro carácter pedagógico, partimos dos coñecementos curriculares que forman parte dunha aprendizaxe que tentamos interrelacionar coa nosa realidade vital. A calidade educativa, equidade, inclusión educativa e non discriminacións, a aprendizaxe permanente, principios nos que nos fundamentamos e temos sempre presentes a todos os niveis do noso centro educativo.

Partimos do análise da realidade do noso centro, na que conflúen una gran diversidade de necesidades, situacións e momentos educativos, cunhas características específicas, que esixe a posta en práctica da colaboración e coordinación dos diferentes membros do centro educativo. A diversidade e necesidades do noso centro, levarán a apoiarse no principio de flexibilidade, adaptándonos ás necesidades individuais, así como ás do grupo, cun estudo profundo do contexto e das posibilidades e imprevistos que poidan ir xurdindo.

10.2. METODOLOXÍA

Apostamos por unha metodoloxía dinámica e funcional, tentando de despertar o interese e motivación do alumnado na elaboración e participación das diferentes actividades. Resulta imprescindible ir axustando a nosa práctica educativa ás diferentes necesidades do alumnado, facilitando métodos e recursos variados que poidan dar resposta as súas motivacións e intereses, así como ás necesidades e situacións que xorden nos diferentes momentos de E/A. Compartimos un obxectivo común, a participación activa de todo o alumnado do centro, así como a aprendizaxe competencial e significativa. Para que o proceso de E/A teña sentido, ten que chegar ao conxunto do alumnado, axustando cada obxectivo e actividade ao nivel e posibilidades de cada neno/a e, en moitas ocasións, amoldándonos ás posibilidades do momento, o

que implica un estudo exhaustivo e continuado, de cada un dos elementos que conforman a nosa realidade.

Se ben partimos da necesidade dunha atención individualizada, tentaremos de potenciar procesos de ensino - aprendizaxe, que permitan acadar un nivel de autonomía cada vez maior. Daremos prioridade á metodoloxía didáctica comunicativa, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Priorizamos situacións de ensino - aprendizaxe que garden a maior relación posible coa realidade, potenciando aquelas que favorezan a investigación e o descubrimento, nunha busca continua de aprendizaxes funcionais e significativos, que lle axuden a adquirir estratexias de resolución de problemas e que poidan por en práctica en situacións da vida cotiá.

A coordinación dos diferentes programas, campañas e proxectos que se desenvolven no centro ,así como os diferentes grupos de traballo e dinamizacións, guiarán a nosa práctica educativa. Do mesmo xeito, potenciamos a colaboración e interacción con axentes internos e externos ao centro, buscando a participación activa de toda a comunidade educativa.

10.3. MATERIAIS E RECURSOS CURRICULARES EMPREGADOS NO CENTRO

Os materiais curriculares empregados serán escollidos de forma individualizada polo mestre/a que imparta a materia, sempre tendo en conta as características de cada alumno/a. Deste xeito, poden aparecer materiais de libro de texto, material deportivo e material informático, dando prioridade aos recursos manipulativos, multisensoriais e funcionais.

11. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

11.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A Atención á diversidade é algo inherente ao traballo desenvolvido no noso centro, intimamente ligado ao traballo docente e un dos piares fundamentais do noso sistema educativo tal e como queda recollido na lexislación e normativa vixente.

En base ás Necesidades e características do noso centro marcamos os seguintes obxectivos:



- Desenvolver as capacidades do alumnado, a súa personalidade e preparamos para a súa incorporación a sociedade.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, proporcionando apoios, reforzos educativos, talleres... partindo da transversalidade de aprendizaxes significativos.
- Diseñar respostas educativas para a diversidade do alumnado, priorizando as aprendizaxes prácticas e funcionais e potenciando ao máximo o desenvolvemento da autonomía persoal, da autoestima e do autoconcepto.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades educativas especiais, aproveitando as circunstancias que permitan o traballo conxunto e a intervención o máis axustada posible.
- Empregar metodoloxías que permitan procesos de ensino - aprendizaxe que influán no desenvolvemento das competencias.
- Realizar un proceso de avaliación inicial, unha avaliación continua e formativa que permita ir adaptando a metodoloxía, as actividades e os recursos ás necesidades que presente o alumnado. O **equipo multidisciplinar** formado pola Orientador, a Psicóloga e a Traballadora Social (dado que as prazas de médico e psiquiatra na actualidade atópanse vacantes), realizarán un seguimento do alumnado e das súas familias, aportando a información recollida ás titorías de modo que poidan adaptar o modelo didáctico a seguir.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Adecuación das programacións didácticas ás necesidades do alumnado coas adaptacións que se consideren necesarias, fomentando aprendizaxes funcionais e significativos.

Programa de Habilidades Sociais e de Habilidades da vida diaria, sendo unha actividade que toma forma dentro destes programas os xantares lectivos, nos que se traballan aspectos tales como a corrección postural, ou o dominio das normas e hábitos socialmente apropiados.

O reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, co fin de contribuír ao desenvolvemento das competencias do alumnado.

Agrupamentos: Seguindo os criterios de: tipo de necesidade, idade cronolóxica, desenvolvemento das funcións psicolóxicas básicas (atenção, percepción e memoria),

capacidade de aprendizaxe para habilidades de autocoidado, autonomía, desenvolvemento cognitivo, comunicativo, motórico,... facemos agrupamentos do alumnado.

Analizando todas as variables, xorden grupos heteroxéneos que fan necesario desenvolver un traballo pedagóxico individualizado, adaptado ás características de cada un dos nosos alumnos, realizando actividades previamente planificadas.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias desenvolvidas son as seguintes:

- Adaptacións curriculares ou o que é o mesmo programas de intervención individualizados para cada un dos nosos alumnos e alumnas.
- Atención específica por parte do profesorado especialista en P.T.(titores e especialistas de EF, multisensorial,...) e apoio de profesorado especialista de A.L.
- Agrupamentos flexibles, aos que facíamos referencia no epígrafe anterior.
- Flexibilización do período de escolarización tanto na ensinanza básica obrigatoria como nos programas formativos.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo, por medio da atención hospitalaria e/ou domiciliaria.
- Ampla dotación de recursos persoais especializado, non docente no centro (psicóloga, traballadora social, enfermeiras, educadores/as, coidadores/as, adxuntos de obradoiro...) e que constitúe un carácter extraordinario en relación cos centros ordinarios.

ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- Aceptar e respectar á diversidade por parte de toda a comunidade educativa, facendo fincapé no Benestar Emocional e na Educación para a Saúde.
- Axustar a atención e apoio educativo á realidade do alumnado con necesidades educativas permanentes.
- Afianzar e desenvolver as capacidades do alumnado, nos seus aspectos físicos, afectivos, emocionais, cognitivos, comunicativos e de inserción social, promovendo o maior grado posible de autonomía persoal e de inclusión social.
- Continuar o traballo cos alumnos/as con máis problemas a nivel condutual, en coordinación co Servizo de Psicoloxía e Psiquiatría e o equipo docente. Desenvolvendo:



Habilidades sociais, resolución de conflitos, traballo na regulación e control das emocións, regulación da conduta, adestramento en relaxación e respiración..). Asesorando aos titores/as para o desenvolvemento destas actividades.

- Facilitar información sobre recursos dispoñibles no DO accesibles dende o departamento (solicitudes de asesoramento, colaboración, recursos e coordinación co EOE, e outros servizos externos que atendan ao alumnado).
- Facilitar a incorporación do novo alumnado, levando a cabo actividades enmarcadas no Plan de Acollida do centro, dirixidas ao alumnado, familias ou titores/as legais.

CONCRECIÓN ANUAL , ACCIÓNS A DESENVOLVER :

- Constitución do D.O. como órgano de coordinación docente e levar a cabo as reunións establecidas.
- Coñecemento das familias e titores legais.
 - Coñecemento do alumnado e das súas necesidades .
 - Coordinación cos profesionais dos servizos que atenden ao alumnado.
 - Coordinación cos Departamentos de Orientación dos centros base dos que proveñen nenos en escolarización combinada.
 - Realización de propostas para os Programas Formativos de Restauración e de Xardinería.
- Atender a xestión de Becas NEAE asesorando as familias ante as dúbidas que xurdan para a súa elaboración.
 - Revisións e actualizacións das avaliacións psicopedagóxicas, sempre que sexa preciso, do alumnado por parte do D.O., Psicología e Psiquiatría, en colaboración e coordinación co equipo docente, cas familias e titores legais dos/as alumnos/as, equipo médico, traballadores sociais, educadores, auxiliares técnicos educativos,....
 - Asistir as sesións de avaliación.
- Solicitud de asesoramento e recursos tecnolóxicos ao EOE, para dar resposta a necesidades do alumnado.
- Coordinación cos profesionais dos servizos que atenden ao alumnado.



ACTUACIONES RELACIONADAS CO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- Información ás familias e titores legais, dende o Departamento de Orientación, Psicoloxía e Psiquiatría da importancia e a necesidade do coñecemento e cumprimento por parte dos alumnos e alumnas dalgunhas normas para a mellora da convivencia do centro, de modo que complementen o traballo iniciado no centro
- Traballo desas normas de convivencia a través das titorías co alumnado.
- Colaborar na actualización do PAT axustándonos aos cambios legislativos.
- Apoio os/as titores/as para a realización de avaliación inicial do alumnado.
- Facilitar aos titores/as información sobre as situacións concretas do alumnado para ao seu máximo desenvolvemento.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas de intervención..
- Tentar dar resposta a todas as necesidades formuladas polo profesorado.
- Supervisar a correcta aplicación das MAD postas en marcha, e implementar, no caso de ser necesario, novas medidas unha vez feita a avaliación das mesmas.
- Seguimento do alumnado nas Aulas de P.T. e A.L.
- Seguimento e actualización dos documentos de A.C. (das programacións adaptadas) dos alumnos/as con NEE en colaboración co profesorado implicado e cos DO dos centros nos que alumnos/as comparten horario semanal.

ACTUACIONES QUE PROMOVAN UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN E IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

- Fomentar a participación de pais/nais e titores/as legais, que veñen desenvolvéndose no centro dende cursos anteriores, organizadas polo servizo de Psicoloxía e Psiquiatría do centro.
- Dinamizar a comunicación entre familias e o centro para acadar unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos/as.

ACTUACIONES RELACIONADAS CO FOMENTO DA CONVIVENCIA PACÍFICA E A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

- Fomentar o respecto mutuo por parte dos membros da comunidade educativa coa finalidade de ser modelo para a adquisición de competencias interpersoais.
- Colaborar na mellora da tolerancia e da convivencia.

- Colaborar co Equipo Directivo na elaboración de rexistros condutuais coa finalidade de que as condutas problemáticas non supoñan problemas no proceso educativo do resto do alumnado.
- Colaborar co equipo Docente no seguimento, prevención control de absentismo escolar.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

A avaliación e un elemento imprescindible dentro do proceso de ensinanza - aprendizaxe. O proceso de avaliación permitirá a posibilidade de que á comunidade educativa coñeza en que medida somos quen de acadar ou non os obxectivos propostos en dita concreción. Trátase, polo tanto, dun proceso sistemático e obxectivo que amosa a realidade do contexto escolar, tendo en conta todos os axentes que interveñen no mesmo.

Tal e como se recolle no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998, o análise dos datos do proceso orientador que se leva a cabo durante todo o curso por parte do Departamento de Orientación darán lugar á Memoria do propio departamento.

Ao finalizar o curso farase unha avaliación final das actuacións e MAD levadas a cabo consecución de obxectivos. E as propostas de mellora sempre irán en consonancia coas necesidades de introducir as modificacións precisas ou de implementar, ou non, novas medidas de atención á diversidade, sempre e cando as aplicadas non tiveran o efecto desexado.

11.2. PLAN DE CONVIVENCIA

É un dos documentos que compre elaborar ao longo deste curso.

11.2.1. Plan de traballo

Tal e como se contempla na Orde do 23 de agosto de 2023 no art.4. O plan de traballo do coordinador de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia. (En proceso de elaboración)

11.3. PLAN DE IGUALDADE

O Plan de Igualdade, entendido dende unha perspectiva integral e de xénero que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia: de xénero, por suposto, pero tamén doutras formas de opresión interseccional, como a violencia contra o colectivo LGBTI, a xenofobia ou a violencia racista. Debemos entender o Plan de Igualdade como

unha estratexia global para loitar contra todo tipo de opresións que poden ter lugar na escola, promovendo así un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais desexables, e contestando de forma crítica un concepto de «normalidade» que oprime e silencia.

ASPECTOS ACTIVOS DO NOSO CENTRO- RELACIONADOS COA IGUALDADE DE XÉNERO

- Nomeouse unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Estanse a concretar protocolos e medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero dentro do Plan de convivencia do centro.
- Estanse a integrar obxectivos coeducativos de forma transversal nos distintos documentos de centro, proceso que irá seguido da conseguinte difusión dos mesmos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definimos as medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Contemplamos unha educación afectivo - sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado das datas sinaladas no calendario escolar oficial.

11.4. PLAN DIRECTOR

Os obxectivos do Plan para o noso centro estarán agrupados en torno a catro focos: a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero; a promoción do respecto pola diversidade afectivo - sexual; e a prevención, detección e intervención en casos de LGBTI fobia.

11.5. PLAN DIXITAL

O desenvolvemento da competencia dixital, tanto do alumnado e familias (na medida das súas posibilidades) e do equipo docente, supón un reto para o centro, xa que require da adquisición de novos recursos, así como da actualización dos xa existentes, acompañado así mesmo dunha cualificación profesional no ámbito dixital. Por iso, é necesario a elaboración dun proxecto TIC baseado nos principios e obxectivos

establecidos no PE, de maneira que describa a súa integración e desenvolvemento, asegurando os aspectos organizativos, estratexias metodolóxicas e criterios de avaliación da competencia dixital.

O Plan dixital estará enmarcado nun contexto social e escolar moi concreto como o que estamos vivindo actualmente. Nesta especial situación terase en conta aspectos tan relevantes como: a formación do profesorado e o desenvolvemento da súa competencia dixital, detección de necesidades TIC do alumnado con previsión ou a dinamización e actualización dos espazos virtuais do centro.

Obxectivos xerais de centro:

- Dotar ao centro da infraestrutura necesaria para desenvolver a competencia dixital de maneira adecuada.
- Fomentar no profesorado e alumnado a competencia dixital necesaria para acadar novas metas e obxectivos, en especial no caso dunha situación de ensinanza mixta.
- Actualizar e fomentar o uso dos espazos virtuais do centro (aula virtual e páxina web, entre outros).
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza e aprendizaxe entre alumnado e claustro e como mellora da calidade educativa.
- Detectar as necesidades TIC do centro para realizar propostas de mellora.
- Establecer, a través das TIC, canles de comunicación efectivos coa comunidade educativa, en especial coas familias ou titores legais.
- Divulgar a través da páxina web, na medida do posíbel, as actividades e proxectos realizados no centro.

Actividades programadas para o primeiro trimestre:

- Revisión e actualización dos equipos informáticos do centro.

- Establecer métodos de comunicación e canles de colaboración con axente externos relacionados co funcionamento/mellora dos equipos informáticos do centro.
- Actualización do inventario TIC do centro.
- Organización e dinamización dos espazos TIC do centro (aula de informática, almacén...)
- Revisión do deseño e organización dos espazos virtuais do centro (aula virtual e páxina web) e actualización dos mesmos.
- Establecer a canle de comunicación telemática coas familias.
- Formación do grupo de traballo para a realización de material TIC e establecemento de liñas xerais de actuación (necesidades e obxectivos).
- Posta en marcha do Plan Dixital de centro segundo as directrices que estableza a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Establecer unha reunión inicial (por parte da coordinadora TIC) con todo o claustro para informar e formar ás novas incorporacións de calquera aspecto relacionado coas TIC e espazos virtuais do centro.
- Implementar ABALAR como cauce de comunicación coas familias e de modo interno entre o profesorado

Actividades programadas para o segundo trimestre:

- Mellorar, a través das reunións de nivel/ciclo, o compromiso do claustro na actualización da páxina web do centro e da aula virtual.
- Dinamización e propostas de mellora da aula de informática do centro.
- Actualización da páxina web do centro e da aula virtual.
- Elaboración de material TIC específico por parte do grupo de traballo formado no primeiro trimestre.



- Posta en marcha do Plan Dixital de centro segundo as directrices que establece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Actividades programadas para o terceiro trimestre:

- Avaliación de resposta no arranxe de incidencias informáticas.
- Elaboración de material TIC específico por parte do grupo de traballo formado no primeiro trimestre e avaliación e proposta de mellora do traballo realizado.
- Actualización da páxina web do centro e da aula virtual.
- Realización dun Plan de Mellora TIC do presente curso escolar.

11.5. PLAN ANUAL DE LECTURA. 2023/2024

A - INTRODUCCIÓN

Consideramos que a Biblioteca Escolar é unha parte esencial das intencións educativas dun Centro. Entendemos o concepto de Biblioteca Escolar como un espazo de aprendizaxe e un recurso básico e necesario nun centro educativo, no que se organicen recursos para a aprendizaxe, o enriquecemento persoal e comunitario, o ocio e a creatividade. Así mesmo, debe considerarse como un instrumento que se presta a todos os membros da Comunidade Educativa e por iso debe quedar integrada en todos os documentos do centro. Polo tanto, este plan de lectura está deseñado para desenvolver o Proxecto Lector do Centro, marcando as actuacións para o presente curso académico.

B - XUSTIFICACIÓN

Co fin de impulsar e fomentar o uso da nosa biblioteca e de desenvolver o noso Proxecto Lector de centro, elaboramos este Plan Anual de Lectura.

A xustificación deste Plan Anual de Lectura parte da aplicación da Lei Orgánica 2/2006 de 3 maio de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro. Dita lei sinala que os centros educativos disporán dunha biblioteca escolar, que contribuirá ao fomento da lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír as bibliotecas escolares a facer efectivos os principios



pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberán permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa.

Hai que ter en conta tamén o Decreto *155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, recolle no seu artigo 33 Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Nas instrucións en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, establecidas na *Resolución do 20 de setembro de 2023*, durante o presente curso establece que para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro, deberán elaborarse Plans Anuais de Lectura. No anexo 1, na segunda anotación, no punto 2 establécense as liñas prioritarias de actuación para a biblioteca.

Seguindo todas estas anotacións elaboramos e desenvolvemos os apartados do noso **Plan Anual de Lectura**.

C - OBXECTIVOS

- Os obxectivos deste Plan Anual de Lectura son globais para todo o alumnado do centro, independentemente das aulas nas que se atopen. Decidimos facelo así debido a diversidade e características do noso alumnado, xa que difiren moito duns a outros aínda que se atopen na mesma aula.
- Promover dende a biblioteca as conmemoracións que se dan dentro do curso escolar (Samaín, Magosto, Entroido, Nadal,...).
- Achegar ao alumnado os libros de xeito creativo, lúdico e pracenteiro.



- Desenvolver unha actitude positiva ante as actividades que se levan a cabo na biblioteca procurando un ambiente cómodo e agradable de goce.
- Iniciar e/ou mellorar a expresión e a comprensión lectora.
- Desenvolver valores de respecto e coidado do mobiliario e recursos da biblioteca, valorala como un ben común.
- Elaborar e adaptar material adecuado ás capacidades e posibilidades do noso alumnado.
- Programar actividades de animación á lectura acordes as características do noso alumnado.
- Mellorar as competencias lingüísticas e comunicativas do noso alumnado e promover actividades cara a competencia lectora, a socialización e o coñecemento.
- Fomentar o emprego da biblioteca como centro de documentación e recursos e espazo de aprendizaxe e entretemento.

D - ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

A biblioteca conta cun espazo axeitado para desenvolver a súa actividade, organizado por recunchos e con andeis diferenciados por niveis de lectura.

Os recunchos que temos organizados son: zona de mesas para lectura individual, traballo en grupo ou utilización dos ordenadores portátiles e tabletas, biblio – terraza (zona de lectura exterior); zona de lectura en grupo e zona de lectura relaxada que conta cunha alfombra e pufs, a zona de exposición do material organizado por niveis de lectura, zona interactiva (pizarra dixital e videoconsola), recuncho maker, a zona do ordenador e a zona de dramatización.

O horario da biblioteca para o curso académico 2023-2024 será o seguinte:



| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------|---------|-------------|----------|--------|------------|
| 9:30-10:30 | | Noelia | Vero C | | |
| 10:30-11:30 | | | | Noelia | |
| 11:30-12:15 | Daniel | Paula | | Daniel | Zoraida |
| 12:15-12:45 | Vero C. | Verónica M. | | Isabel | Verónica M |
| 12:45-13:30 | | Paula | Paula | | Belén |
| 13:30-14:30 | Laura | Laura | Laura | FP | Laura |

E - LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

- EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Adquisición de material
- Catalogación do novo material
- Purga de material obsoleto ou deteriorado
- Organización de espazos
- Organización dos horarios
- Xestión do blog da biblioteca

- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

- Posta en marcha das mochilas viaxeiras ás aulas.
- Participación do alumnado no blog da biblioteca.
- Fomentar o uso da biblioteca como recurso da busca de información para desenvolver currículo e as competencias clave do alumnado.
- Participar dende a biblioteca nas celebracións do centro.
- Potenciar o funcionamento do servizo de préstamo de libros para o noso alumnado.



- Organización de obradoiros nos que se potencien os diferentes recunchos da biblioteca.
 - Aumentar a participación das familias facéndoas máis participes (continuación coas lecturas das familias).
 - “Venres de biblio”, abrirase a biblioteca ao alumnado durante os recreos.
- **EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL**
- Sesións de formación de usuarios realizadas na biblioteca nas que acudirán por aulas.
 - Actualización do tríptico informativo que guíe o uso da biblioteca.
- **EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**
- Lectura diaria, hora de ler, desenvolvida polos titores dentro da súa aula e tendo en conta as características do seu alumnado.
 - Potenciar o funcionamento do servizo de préstamo de libros para o noso alumnado
 - Posta en marcha das mochilas viaxeiras ás aulas, elaboración de material por parte do alumnado para incluír nelas.
 - Programar contacontos e actividades de animación á lectura, polo menos unha vez a trimestre.
 - Realizar traballos sobre algúns contos, elaborando materiais de traballo e animación á lectura.
 - Realizar co alumnado representacións teatrais de contos.
 - Traballar a dinamización da lectura a través da realización de curtametraxes audiovisuais.
 - Solicitar o programa “Lectura e familias”.

- EN RELACIÓN COS PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE ESTÁ INMERSO O CENTRO

- Desenvolver o proxecto da mascota da biblioteca.
- Apoiar documentalmente o Proxecto "Voz Natura".
- Participar en todos os programas nos que o centro se vai implicando ao longo do curso.

- EN RELACIÓN AOS CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliar a organización e funcionamento do equipo de Biblioteca.
- Avaliar a organización e funcionamento da Biblioteca.
- Avaliar as actividades levadas a cabo dende a Biblioteca.

F - SECCIÓNS

Este ano continuaremos coa dotación e catalogación de fondos bibliográficos ás diferentes aulas para ir dotando as bibliotecas de aula de material bibliográfico, e entendéndoas como un recursomáis para a hora ler.

Crearemos tamén bibliotecas de aula, para que o alumnado, que por motivo das súas características, non poda desprazarse á biblioteca, poda ter acceso aos recursos da mesma.

G - RUTINAS DE LECTURA

Como actividades sistemáticas, a desenvolver dende a biblioteca ou na propia biblioteca para o presente curso, dende o equipo da biblioteca propoñemos as seguintes:

- A **Hora de ler**, que cada titor desenvolverá na súa aula, adaptándose ás características do seualumnado.
- A **Hora da biblioteca**, cada aula poderá acudir, de forma autónoma, á biblioteca. Nesta hora será o mestre titor o que prepare a actividade a desenvolver.
- O **Día de préstamo de aula**, que para este curso académico continuará a se os martes, mércores, xoves e venres. Cada aula acudirá co seu titor na franxa horaria asignada.



- Prepararanse **“Mochilas viaxeiras”** para as aulas, que levarán todos os alumnos e alumnas do centro as súas aulas, durante unha semana. Prepararemos 2 mochilas por Nivel e unha para o alumnado de FPB.
- Actividades de lectura compartida (lectura en parella, recreos na biblio).

H - ITINERARIOS LECTORES

A nosa biblioteca está organizada por complexidade de lectura, xerarquizando os libros por niveis segundo a súa complexidade de comprensión. O graduar as lecturas en niveis é un instrumento para que os alumnos e alumnas adquiren as destrezas precisas para ser quen de comprender e gozar de calquera obra.

Para facer máis visibles estes itinerarios lectores establecemos tres cores, segundo sexan:

- AZUL: prelectores.
- VERDE: primeiros lectores.
- AMARELO: lectores avanzados.

I - ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

Como proxectos que se levan acabo dende a biblioteca temos:

- “Inclúe – T na biblioteca”, apoiaremos as accións do programa Inclúe – T desde a biblioteca, participando nas actividades e poñendo a disposición o espazo e os recursos existentes.

- “Innova”, sendo a biblioteca dinamizadora de hábitos de vida saudables.

- “O Rato Roi”, seguiremos promocionando diferentes actividades do centro a través da mascotada biblioteca, como vimos facendo nos últimos cursos.

ACTIVIDADES PUNTUAIS

Como actividades puntuais levaremos a cabo algunhas como: obradoiro de xogos, obradoiro de LEGO, algún conto representado, a visita dalgún autor, a conmemoración dalgunhas datas comoo Día do libro, o Día das Letras Galegas,...



J - RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

RECURSOS HUMANOS

- Titores.
- Equipo da biblioteca, formado por 6 integrantes: Laura Antón Brañas (Coordinadora do equipo), Noelia López Bolón, Julio Emilio Blandino Bruzos, Verónica Martínez Peteiro , Antía Sabela García Castro e Milagros de Jesús López Villarreal.

RECURSOS MATERIAIS

- Fondo bibliográfico da biblioteca.
- Materiais audiovisuais.
- Materiais TIC.
- Croma
- Monicreques, Kamishibai,... e outros materiais para a lectura
- Material funxible para a realización de actividades

K - SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Para a avaliación deste Plan Anual de Lectura teremos en conta os seguintes puntos.

- QUE AVALIAR

◆ Organización e funcionamento do equipo:

- O cumprimento dos obxectivos propostos.
- Actividades desenvolvidas.
- Grao de implicación do centro e da comunidade educativa.
- As actividades de formación recibidas.
- Produción de materiais.
- O traballo en equipo.

◆ Organización e funcionamento da Biblioteca:

- O espazo: a adecuación, a funcionalidade e as necesidades.



- Material: a catalogación, a adecuación, a valoración das novas adquisicións, as prioridades de elección para préstamos e as necesidades cara o vindeiro curso.
- Uso funcional por parte do alumnado e profesorado: o interese, o incremento do uso da biblioteca.
- Mochilas viaxeiras e blog : funcionalidade e interese.
- Actividades de dinamización, de formación de usuarios e de animación á lectura.

- **COMO E CANDO AVALIAR**

A través da análise do traballo diario adecuarase o proceso de organización e funcionamento tanto da biblioteca como do equipo. Trimestralmente o equipo rexistrará a súa valoración.

As actividades de formación de usuarios e animación á lectura avaliaranse de xeito específico tras a súa realización. O último paso desta avaliación realizarase no último trimestre coa memoria final.

11.6. EDLG

O equipo de dinamización da lingua galega constitúese de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia. As actividades que se van a levar a cabo este curso, dende este equipo, nos centros de ensino non universitario de Galicia, seguirán tendo como finalidade, potenciar o uso da lingua galega no centro, a nivel oral e escrito.

- O Magosto - Samaín.
- Concurso de postais de Nadal.
- Día da Paz.
- Entroido.
- Letras galegas.
- Todas aquelas que xurdan ao longo do curso.
- **ACTIVIDADES:**
 - Actualización dos fondos da biblioteca escolar en lingua galega.
 - Colaborar co equipo da biblioteca nas actividades que dende alí realicen.



- Páxina web do centro e blog da biblioteca.
- Correlingua de Ferrolterra.
- A frase positiva do mes a nivel centro.
- **OBXECTIVOS RELACIONADOS COA CONTORNA:**
 - Aumentar a presenza e a valoración da lingua no contorno.
 - Crear canles de comunicación entre grupos e xeracións, propiciando o intercambio cultural.
 - Fomentar a participación das familias na vida do centro.
- **OBXECTIVOS RELACIONADOS CO ALUMNADO:**
 - Lograr que o alumnado mellore a súa competencia no uso coloquial da lingua galega, favorecendo: emprego do galego nos momentos da vida escolar non regrada, potenciar o uso do galego nas tecnoloxías, fomentar a participación do alumnado en todas as actividades que organiza o centro usando a lingua galega.
- **OBXECTIVOS RELACIONADOS CO CENTRO:**
 - Contribuír ao mantemento da lingua galega como vehículo oficial.
 - Favorecer a integración de alumnos/as non galegos/as no emprego da nosa lingua e no coñecemento da cultura galega.
 - Implicar a todos os compoñentes do centro no proceso de dinamización lingüística.
 - Informar á comunidade escolar para promover actitudes favorables ante á galeguización da escola.
 - Axudar aos integrantes do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma para que poidan desenvolver o seu traballo en galego.
 - Sensibilizar ás familias sobre as vantaxes de que os seus fillos coñezan e usen a lingua galega.



- **OBXECTIVOS RELACIONADOS CO PROFESORADO:**

- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.
- Implicar a súa colaboración nas accións dinamizadoras.
- Favorecer o mantemento das tradicións populares.

- **OBXECTIVOS RELACIONADOS COA CONTORNA:**

- Aumentar a presenza e a valoración da lingua no contorno.
- Crear canles de comunicación entre grupos e xeracións, propiciando o intercambio cultural.
- Fomentar a participación das familias na vida do centro.
- Participar en distintos certames/propostas da contorna que sexan de valor para a nosa lingua.

- **OBXECTIVOS RELACIONADOS CO ALUMNADO:**

- Lograr que o alumnado mellore a súa competencia no uso coloquial da lingua galega, favorecendo o emprego do galego nos momentos da vida escolar non regrada.
- Potenciar o uso do galego nas tecnoloxías.
- Fomentar a participación do alumnado en todas as actividades que organiza o centro usando a lingua galega.

- **OBXECTIVOS RELACIONADOS CO CENTRO:**

- Contribuír ao mantemento da lingua galega como vehículo oficial.
- Favorecer a integración de alumnos/as non galegos/as no emprego da nosa lingua e no coñecemento da cultura galega.
- Implicar a todos os compoñentes do centro no proceso de dinamización lingüística.



- Informar á comunidade escolar para promover actitudes favorables ante á galeguización da escola.
- Axudar aos integrantes do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma para que poidan desenvolver o seu traballo en galego.
- Sensibilizar ás familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan e usen a lingua galega.

- **ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO:**

Analizadas as enquisas realizadas durante o proceso de matrícula para o curso 2023 – 2024, o resultado da declaración da lingua materna é a seguinte:

| | Nivel I | Nivel II | FPB | Escolarización combinada |
|-------------------------|---------|----------|-----|--------------------------|
| LINGUA MATERNA GALEGO | 0 | 0 | 0 | 0 |
| LINGUA MATERNA CASTELÁN | 2 | 1 | 0 | 1 |

12. FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

1- Desenvolverase un PFPP coas seguintes liñas de actuación:

- **Ambientes de aprendizaxe:** modificación da aula de recursos da planta baixa co fin de poder usala a maiores para outros fins como por exemplo aula de manualidades.
- **Plan dixital:** actualización da páxina web do centro.
- **Convivencia/inclusión:** elaboración dun proxecto para a modificación do patio do centro, no que se teñan en conta as aportacións de toda a comunidade educativa (familias,ANPA...). Isto quedará pendente para ser realizado cando se modifique o chan actual do patio.
- **ERAMUS+:** continuidade do programa.
- **POLOS CREATIVOS:** Obrigada participación para todos os centros da Comunidade Autónoma Galega.

A responsable de formación no centro : Raquel Miragaya Casas

2- Actividades a realizar noutros programas da Consellería: INCLÚE e INNOVA:

- **Programa INCLÚE:** continuar co programa EMOCIÓN-A-T, especialmente no relacionado coa actividade dos cans. Coordina: Carolina Valeiro López.
- **Programa INNOVA.** Nesta iniciativa, a modalidade na que nos enmarcaríamos sería en EDUsaúde. Coordina: Carlos Juan Sánchez Díaz.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Proposta de actividades complementarias e extraescolares NIVEL I:

- A nivel de centro propoñemos: a realización de todas as propostas realizadas polos equipos de biblioteca e dinamización da lingua galega, conmemoracións recollidas pola consellería, participar nas actividades propostas polo concello e outras entidades, colaborar con centros da contorna...
- Como nivel propónse: actuacións musicais adaptadas ao noso nivel, saída fin de curso, festa da auga.

Proposta de actividades extraescolares e complementarias NIVEL II:

Establécense as seguintes:

- Acudir a unha granxa escola. Exemplo: Xanceda. Esta podería realizarse como excursión de final de curso.
- Acuario.
- Seguridade vial.
- Bosque animado (San Sadurniño).
- Radio Terra.
- Racing de Ferrol.
- Realización de actividades da vida diaria: ir a tomar algo a un bar, coller o bus, ir ao supermercado, ...
- EROSKI.
- Terra Dates.
- Xornadas de cine no centro escolar, facéndoas coincidir con celebracións: Samaín, Nadal, Entroido, ...
- Realizar pequenos tramos do Camiño de Santiago.
- Parque temático.
- Encontros con diferentes deportistas de elite. Exemplo: Nate Davis.

Proposta de actividades extraescolares e complementarias das PFPB DE RESTAURACIÓN E XARDINARÍA:

A continuación, noméanse as diferentes actividades que se van a desenvolver durante o curso, segundo as necesidades do centro están abertas a cambios, ampliación de actividades, modificación dalgunha delas ou suspensión.

- Visita mercado da Magdalena e paseo pola cidade.
- Visita escola de Hostalaría CIFP Fraga do Eume.
- Visita Esengra Ferrol (Escola de Hostalería/visita barco).
- Visita áreas comerciais (Carrefour, Alcampo, Eroski, Agroflor, ...).
- Visita granxa Maruxa (Lugo).
- Participación en Concursos (Skills, Baristas).
- "Basuraleza" (recollida de lixo en diferentes lugares da contorna; praias, ruta sendeirista, parques, ...). Podería realizarse unha vez por trimestre.
- Visita circuío kars, educación vial.

13.1. ACTIVIDADES ANPA

As actividades da ANPA estarán artelladas como apoio as propostas polo centro e participarán, a petición, nas seguintes festividades (Nadal, Entroido, Final de curso). Así mesmo teñen pensado organizar campamentos de verán e Nadal para poder conciliar a vida familiar. Todo elo estará supeditado á solicitude de espazos para tal fin, previa aprobación do Consello escolar e da Xefatura Territorial.

14. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

Os centros educativos dispoñerán de autonomía na súa xestión económica coa normativa establecida na lei así como na que determine cada administración educativa. Poderán delegar nos órganos de goberno dos centros públicos: a adquisición de bens, a contratación de obras, servizos e subministracións e a xestión de persoal, responsabilizando aos directores/as da xestión dos recursos postos a disposición do centro.

Os centros expresarán a ordenación e utilización dos seus recursos, tanto materiais como humanos, a través da elaboración do seu proxecto de xestión, nos termos que regulan as administracións educativas, para regular o proceso de contratación, de realización e de xustificación do gasto.

• CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO ORZAMENTO ANUAL E DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS:

- O equipo directivo realizará un estudo da evolución do gasto, durante a primeira quincena de setembro, para axustar as previsións ás necesidades do centro.
- Tamén se realizará un estudo dos ingresos que se prevé obter.
- Sobre a 2ª quincena de outubro, realizarase unha achega prevista de orzamento.
- Para a elaboración do orzamento, terase en conta a reserva da porcentaxe que establece a lei para a adquisición ou reposición de material inventariable.
- Respectaranse os apartados de ingresos e gastos previstos na normativa vixente.
- O equipo directivo, terá en conta a situación de partida do centro para compensar as desigualdades que poidan atoparse en canto a dotación de recursos dos distintos equipos no momento da elaboración do orzamento.
- O orzamento deberá contemplar as necesidades de funcionamento xeral: mantemento básico das instalacións, mantemento das comunicacións telefónicas, electrónica e comunicacións escritas do centro á comunidade e á administración, soporte das tarefas básicas do profesorado, titorías, servizos e departamentos.
- Unha vez satisfeitas esas necesidades consideradas básicas, destinarase unha parte do orzamento aos distintos equipos e especialidades a fin de que poidan repoñer e completar, de maneira participativa e descentralizada, os recursos dos seus respectivos equipos.
- En canto aos orzamentos anuais e contas de xestión, o responsable da secretaría presentará o proxecto ao Consello Escolar ao principio de ano.
- A Comisión Económica do Consello Escolar estudará as contas e aprobará o orzamento anual do centro e a conta de xestión.
- Anualmente achégase o orzamento de gastos e ingresos.
- Trimestralmente informarase ao claustro e Consello Escolar.
- No caso de solicitar un contrato menor, documentarase a necesidade de contratación e solicitaranse tres presupostos.

- Para este curso contamos cun presuposto anual de 120.977,00€ e con 51.454,61€ para o presuposto do comedor.

15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Dito Plan está elaborado pola empresa PREVINEM. O plan de autoprotección para este curso, dentro do programa de autoprotección nas escolas contempla:

- Estudio pormenorizado do centro, medición e localización dos lugares de risco.
- Revisión do plan de autoprotección do centro.
- Formación en loita contraincendios, evacuación primeiros auxilios.
- Rexistro do plan das actividades formativas e do informe do simulacro, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia – Regape.

16. PLANS DE MELLORA

É evidente que o centro precisa dalgunhas remodelacións e melloras. O equipamento do centro vai mellorando, pero cada curso, temos que adaptalo ás necesidades e características do alumnado, polo que se irán ampliando os recursos do centro (materiais bibliográficos, audiovisuais e informáticos). Ao longo deste curso iremos incorporando, despois da xestión levada a cabo pola coordinadora do Plan Dixital e a Dirección do centro, con outros centros da comarca, pizarras dixitais para as diferentes aulas; e intentaremos que sexan o maior número posible. Temos coñecemento de que a Consellería dotará ao centro de pantallas dixitais pero de momento trataremos de dotar as aulas con ditas achegas.

Así mesmo é preciso:

- Repoñer materiais de aula e mobiliario.
- Dotación de Material para o conxunto do centro.
- Dotación de materiais didácticos máis actualizados.
- Revisión e ampliación dos Equipos Informáticos, así coma a aula de Informática.
- Adecuación do mobiliario nas distintas dependencias do centro.

A-OBRAS:

- Todas aquelas necesarias para a boa conservación do edificio e que faciliten o bo funcionamento.



- Acondicionar zona de xogos no centro de día e patios exteriores.
- Acondicionamento de paredes e cambio do chan nalgunhas aulas e corredores do centro.
- Necesidade de adecuar o cerre do centro, debido ao deterioro (Muro de patios e Entrada).
- Limpeza de canalóns e canalón de comunicación co Souto de Leixa.
- Arranxo dos patios exteriores e dotación de mobiliario urbano.
- Revisión da arboleda do centro, para evitar riscos.
- Instalación de paneis solares que xa están pendentes de entrar en funcionamento, soamente falta a última revisión por parte da empresa certificadora.
- Seguir arranxando e adaptando os baños do centro.
- Pendente da reforma integral do colexio (xa en estudo).

16.1 PLAN DE MELLORA DOS ASPECTOS PEDAGÓXICOS:

- Reunións máis eficaces e funcionais cun maior intercambio de opinións e aportacións que contribúan a unha mellor organización e funcionamento do centro.
- Promocionar o centro como centro de referencia e apoio e como centro de recursos específico (Art. 20 Decreto 229/2011 e Art. 84 Orde 8 Setembro 2021) e visibilización do mesmo a través da páxina web.
- Avanzar na mellora da comunicación interna e externa. Necesidade de avanzar neste sentido a través da CCP e Claustro.
- Seguimento do alumnado cunha resposta flexible, funcional e axustada á realidade. Ter en conta nas avaliacións a realidade do alumnado que temos escolarizado e a súa permanencia ata os 21 anos.
- Seguimento da resposta educativa axustada ao alumnado con Trastornos de conduta.
- Mellorar as canles e comunicación no Equipo interdisciplinar.
- Elaborar os documentos do centro, que a estas alturas, aínda están sen concretar (NOFc- Proxecto lingüístico, Plan de Convivencia, Proxecto Educativo).

17. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

Desenvolverase da seguinte maneira:

- Reunión de pais: unha antes de Novembro.
- Reunións coas familias a nivel individual sempre que fose necesario.
- Circulares informativas que dean maior transparencia da vida do centro.
- Colocación no taboleiro do centro de toda canta información sexa necesaria.
- Participación en festas e actos culturais.
- Colaboración en actividades
- Reunións periódicas coa ANPA do Centro.
- Colaboración con institucións e organismos que persigan obxectivos que figuren no Proxecto Educativo do Centro.
- Colaboración naquelas actividades comunitarias que expoñan algún tipo de demanda.

18. TAREFAS EXTRAESCOLARES

De acordo co publicado no Decreto 150/2022 na súa D.A. 4ª os centros incluírán na PXA, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, pautas e criterios sobre o uso das tarefas extraescolares e terase en conta un encaixe adecuado na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentarase a responsabilidade das alumnas e dos alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Por todo elo, este centro atendendo a o principio de progresividade ao longo das diferentes etapas educativas e tendo en conta as NEE que presentan os nosos dos alumnos e alumnas decide non enviar ningún tipo de tarefa extraescolar por non consideralo necesario para o seu desenvolvemento integral. Agás excepcións consensuadas cos pais, nais, titores/as legais.



19. RENDICIÓN DE CONTAS

A avaliación, convertese nunha base imprescindible, tanto na intervención educativa como en todos aqueles aspectos de xestión e organización da PXA. Polo que é preciso manter un proceso de avaliación continua da mesma por si fora preciso implementar algún tipo de cambio.

Esta rendición de contas abrangue a todos os colectivos e sectores. Avaliáse a organización xeral, a individualización do alumnado, así como servizos; e a nivel xeral todos os aspectos que fan referencia ao conxunto da xestión do centro.

A avaliación interna farase por medio do claustro e consello escolar. O claustro analizará e valorará a evolución e o rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externa nas que poidamos participar. Os titores enviarán trimestralmente ás familias un boletín informativo trimestral.

Por parte do Consello escolar analizarase e valorarase a organización, a convivencia, o funcionamento xeral do centro e a xestión do mesmo.

20. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Ao comezo de cada trimestre farase unha valoración dos obxectivos acadados en cada nivel. Introducendo si fose necesario as medidas correctoras pertinentes.

Ao final de curso farase unha valoración global e o seu resultado será reflectido na Memoria Final.

21. LEXISLACIÓN

MARCO CONSTITUCIONAL

- Constitución Española, do 27/12/1978.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

LEIS EDUCATIVAS E DE CARÁCTER XERAL

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación - LOMLOE.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO

- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria, na Comunidade Autónoma de Galicia.

REQUISITOS MÍNIMOS DOS CENTROS

- Real decreto 132/2010, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas no segundo ciclo de EI, na EP e na Educación Secundaria.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

Centros de infantil e primaria

- R.O.C. Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21-10-96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97).

Formación Profesional Básica

- Real Decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos, das ensinanzas da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básicas das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

- Orde do 13 de xullo de 2015, pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e admisión nestas ensinanzas.
- Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de formación profesional de grao básico para o curso 2022/23.

NORMATIVA XERAL

Xestión económica

- Decreto 201/2003 do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Horario do profesorado

- Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten ensinanzas reguladas na LOE.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se modifica a do 12 de agosto de 2010, pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

Orientación educativa

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada no decreto 120/1998.
- Resolución do 22 de decembro de 2004, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Atención á diversidade

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado.
- Lei 27/2007 do 23 de outubro pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio a comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- Resolución do 23 de outubro de 1991 que recolle as funcións dos cuidadores.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Barreiras arquitectónicas

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 8.

- Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade de Galicia.

Atención temperá

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

Comedores escolares

- Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.
- Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

Autoprotección de centros

- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Orde do 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional. BOE número 276 de 17 de novembro de 1984
- Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

Transporte escolar

- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril e o Real Decreto 894/2002, do 3 de agosto, que o modifica.



- Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos do transporte escolar e o Decreto 65/ 2014 do 28 de maio
- Decreto 65/2014 do 28 de maio polo que se modifica o decreto 160.
- Instrucción 1/2022, sobre a xestión do transporte escolar no curso 2022/2023.

Esta P.X.A foi aprobada en Consello Escolar celebrado o día 26 de outubro de 2023

A Secretaria

Paula García Encinas



O Director

Carlos Pena Bellón

